

Consellería de Traballo

Delegación Provincial de Lugo

RELACIONES LABORAIS.

CONVENIOS COLECTIVOS.

Exp. 027-2008. (Código 2700165). (REVISIÓN).

Visto o acordo para a revisión das táboas salariais para o ano 2009 do convenio colectivo para o sector "COMERCIO DA PEL E O CALZADO", da provincia de Lugo, asinado o día 26 de marzo de 2009, pola representación da Asociación Empresarial de Comercio da Pel e Calzado da Provincia de Lugo, e das centrais sindicais UGT (75.0%), CCOO (25.0%) e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 1/95, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real Decreto 1.040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

ESTA DELEGACIÓN PROVINCIAL, ACORDA:

PRIMEIRO: Ordena-la inscrición da revisión do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta Delegación, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Remiti-lo texto da revisión do mentado convenio á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

TERCEIRO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 17 de abril de 2009.- O Delegado Provincial, José Miguel Vázquez Calvo.

ASISTENTES.

Pola parte empresarial.

Asociación Empresarial de Comercio da Pel e Calzado da Provincia de Lugo:

ÁNGEL FOUZ FOLGUEIRA.

SEVERINO FERNÁNDEZ CASCUDO.

Pola parte sindical.

U.G.T. (75%).

FERNANDO TEIJEIRO VALLEDOR.

MANUEL CHAÍN FERNÁNDEZ.

FERMÍN VARELA RODRÍGUEZ. www.cigservizos.org

CC.OO. (25%).

IRIA DEIBE SUAREZ.

ACTA

En Lugo, sendo as 18 horas do día 26 de marzo do 2009, reúnen-se nos locais da CEL as persoas á marxe relacionadas, todas elas integrantes da Comisión Negociadora do convenio colectivo provincial do comercio da pel e o calzado de Lugo, adoptándose, logo dos oportunos debates, os seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO.- Aproba-la táboa salarial do ano 2009 do convenio colectivo provincial do comercio da pel e o calzado de Lugo con vixencia dende 2006 ata 2010, para o que as partes contan coa capacidade legal necesaria segundo se acredita ca acta de constitución da Comisión Negociadora.

SEGUNDO.- Os atrasos ós que haxa lugar por aplicación do incremento salarial do ano 2009 haberán de aboarse ós traballadores no prazo de dous meses a contar dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo da táboa salarial do 2009.

TERCEIRO.- Remiti-la presente acta, así como a táboa salarial aprobada, á Autoridade Laboral competente ós efectos legais oportunos.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, e en proba de conformidade asinan os á marxe reseñados a presente acta, en lugar e data sinalados no encabezamento.

Fdo.: Ángel Fouz Folgueira.- Severino Fernández Cascudo.- Fernando Teijeiro Valledor.- Manuel Chaín Fernández.- Fermín Varela Rodríguez.- Iria Deibe Suárez.

TÁBOA SALARIAL 2009: CONVENIO COMERCIO PIEL E CALZADO DE LUGO.

Vixencia: 01/01/09 ó 31/12/09.

CATEGORÍA PROFESIONAL	SOLDO MENSUAL	P. TRANSP E VESTUA.	RETRIBUCIÓN ANUAL
PERSOAL MERCANTIL TÉCNICO NON TITULADO			
Xefe de persoal	1.086,22	63,13	16.987,73
Xefe de compras	1.086,22	63,13	16.987,73
Encarregado Xeral	1.086,22	63,13	16.987,73
Xefe de almacén	931,55	63,13	14.667,68
PERSOAL MERCANTIL PROPIAMENTE DITO			
Viaxante	811,62	63,13	12.868,73
Corredor de praza	811,62	63,13	12.868,73
Dependente	766,74	63,13	12.195,53
Dependente maior	843,42	63,13	13.345,73
Axudante (menor de 22 anos)	698,50	63,13	11.171,93
PERSOAL ADMINISTRATIVO			
Contable	811,62	63,13	12.868,73
Oficial Administrativo	766,74	63,13	12.195,53
Auxiliar Administrativo	698,50	63,13	11.171,93
Auxiliar de caixa de 16 a 18 anos	580,89	63,13	9.407,78
Auxiliar de caixa	698,50	63,13	11.171,93
PERSOAL DE SERVICIOS E ACTIVIDADES AUXILIARES			
Mozo	698,50	63,13	11.171,93

R. 02287

AYUNTAMIENTOS**BEGONTE***Información pública*

Convocatoria para a contratación laboral de carácter temporal a media xornada.

Posto a cubrir: 1 auxiliar de axuda a domicilio para persoas dependentes.

Bases reguladoras: Publícanse íntegramente no taboleiro de anuncios do Concello.

Forma, lugar e prazo de solicitudes: Solicitude segundo o modelo que figura nas bases, debendo presentarse xunto coa documentación que se sinala nas devanditas bases, no prazo dos cinco (5) días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Rexistro Xeral do Concello ou na forma prevista no art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Begonte, a 17 de abril de 2009.- O ALCALDE-PRESIDENTE, José Antonio Vázquez García.

R. 02284

Información pública

Habéndose aprobado por resolución da Alcaldía de data 15 de abril de dous mil nove os padrós que a continuación se relacionan, expóñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

- Taxa por abastecemento de auga e ive sobre o seu consumo, correspondente o primeiro trimestre do ano dous mil nove.

- Taxa por recollida de lixo correspondente o primeiro trimestre do ano dous mil nove.

- Taxa pola rede de sumidoiro correspondente o primeiro trimestre do ano dous mil nove.

Recurso: Contra o acordo da aprobación do padrón poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Begonte.